



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 29 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) fronte ao Partido Popular (PP) pola campaña en redes sociais “Illa de Estabilidade” (doc. RE 313/2024), por unha posible infracción dos arts. 50 e 53 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 23 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) formaliza unha denuncia fronte ao Partido Popular (PP) pola difusión nas redes sociais Twitter e Instagram do vídeo titulado: “Illa de Estabilidade” (doc. RE 313/2024). Na denuncia manifesta que nesa data tívose coñecemento de que o Partido Popular de Galicia divulgou, a través desas redes, mensaxes que considera contrarios aos arts. 50 e 53 da LOREX. Incorpora dúas imaxes do citado vídeo.

Transcríbese o que se di no vídeo nos termos seguintes:

«Benvido a illa da estabilidade, un paraíso onde a calma e a beleza conviven en harmonía. Un sitio seguro onde a xente ten sentidiño fronte outros sitios de España onde o barullo é protagonista. Illa de estabilidade é o destino ideal para o teu voto. Viaxa cara un futuro cheo de posibilidades. Reserva a túa viaxe o 18 de febreiro.»

Afirma que a dita actuación podería ser contraria ao artigo 50.2 da LOREX e do art. 53 da mesma lei *«posto que, se inclúen frases que teñen un claro carácter electoralista xunto co lema e siglas empregadas polo Partido Popular unido á imaxe da Xunta de Galicia facilmente permite asociar visualmente ambos elementos e entender implicitamente debe ser integrado dentro da categoría de campaña electoral, e non pode ser considerado actividade ordinaria dun partido político.»*

Solicita que se *«ordene a retirada inmediata da publicación e a prohibición da súa utilización a través de calquera canle e, dada a reiteración deste tipo de actuación, se impoñan as sancións que a normativa electoral prevé.»*

2. O 24 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á representante xeral do Partido Popular (RS 663/2024) unha copia da denuncia para os efectos de formular alegacións. Destes traslados déuselle coñecemento ao representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) (RS 664/2024).



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

3. Cumprindo o trámite concedido, o 25 de xaneiro de 2024, o Partido Popular formulou alegacións (RE 330) nas que se afirma que *«a denuncia fai referencia a unha presunta infracción do artigo 50.2 LOREX, que establece que dende a convocatoria das eleccións e ata celebración das mesmas queda prohibido calquera acto organizado ou financiado directa ou indirectamente polos poderes públicos que conteña alusións ás relacións ou aos logros obtidos, ou que utilice imaxes ou expresións coincidentes ou semellantes ás utilizadas nas súas propias campañas por algunha das entidades políticas concorrentes ás eleccións.»*

Consecuentemente, asegura que *«o vídeo do Partido Popular non está financiado por ningún poder público ni contén alusións a logros obtidos por estes.»*

Asegura que *«o vídeo non constitúe propaganda nin campaña electoral, xa que as mensaxes non van dirixidas á captación de sufraxios. O contido carece de poder persuasivo e non contén petición de voto, nin se fan promesas de futuro, nin se alude ao programa electoral, nin conteñen fotografías de candidatos ás eleccións.»*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O artigo 53, parágrafo segundo, da LOREX prohibe desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña electoral a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Esta prohibición é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central no senso de que *«durante el referido período, las formaciones políticas y las candidaturas no podrán contratar directamente ni a través de tercero, espacios, soportes o sitios para la difusión de publicidad o propaganda electoral, ya se realice en lugares públicos (jardines, plazas, parques, etc.), ya en soportes comerciales de cualquier tipo, sean vallas, muebles urbanos para la presentación de información (mupis), objetos publicitarios iliminados (opis), cabinas, medios de transporte o similares. Tampoco está permitida la inserción de anuncios en prensa o revistas, o en cuñas radiofónicas, o en formatos publicitarios en internet (banners), o en canales comerciales de televisión, o en otros soportes en medios digitales.»* (Primeiro.2 da Instrución).

Segundo. A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias cando exista unha contratación comercial desta publicidade ou propaganda sempre e cando teña carácter de propaganda electoral, así declara no acordo do 5 de xullo de 2023: *«No es posible aceptar los argumentos de la formación denunciada, puesto*



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

que expresamente el artículo 53 en su segundo apartado excluye la posibilidad de invocar como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios digitales, "el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones". La finalidad de este precepto es reducir los gastos electorales hasta el periodo estricto de campaña electoral, sin que se pueda eludir la prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias de la formación política o que las inserciones efectuadas no están dirigidas a la generalidad de los votantes. El hecho de que no se pida expresamente el voto del elector no es motivo para no considerar como propaganda electoral cualquier actividad que directa o indirectamente pretenda la captación de sufragios (art. 50.4 de la LOREG). En el presente caso se incluyen mensajes que reflejan la intención de persuadir al elector en orden a apoyar a dicha formación política. Esta actividad resultaría legítima si se hiciera dentro del perfil o de la página del partido, pero al tratarse de una contratación comercial incurre en la prohibición en el artículo 53 de la LOREG, como reiteradamente ha tenido ocasión de señalar la Junta Electoral Central en numerosos Acuerdos (Acuerdos de 18 de marzo, 27 de marzo, 10 de junio, 17 de octubre, 23 de octubre y 30 de octubre de 2019, así como, más recientemente, 26 de abril de 2023).»

Terceiro. Respecto da denuncia formulada, a Xunta Electoral de Galicia entende que:

a) A alegación da representación do Partido Popular de que *«o vídeo non constitúe propaganda nin campaña electoral, xa que as mensaxes non van dirixidas á captación de sufragios. O contido carece de poder persuasivo e non contén petición de voto, nin se fan promesas de futuro, nin se alude ao programa electoral, nin conteñen fotografías de candidatos ás eleccións.»*, non pode compartirse. O vídeo emitíuse a través das redes sociais. Logo do vídeo incorpórase a seguinte resposta de D.^a Paula Prado del Río: *«El Gobierno de la Xunta y PPdeG han cumplido con Galicia. Tenemos motivos suficientes para revalidar la mayoría absoluta»*. Ese texto está precedido da fotografía desa persoa que, pública e notoriamente, é candidata do Partido Popular. Tamén figuran as siglas e o logotipo da dita entidade política.

b) As imaxes poñen de manifesto que se trataba dunha publicidade efectuada cunha clara intención electoral: persuadir ás potenciais persoas electoras a que se decanten a favor da entidade política que difundiu esa mensaxe, dado que na propia contestación da Sra. Prado emítese un xuízo de valor verbo do *«Gobierno de la Xunta y PPdeG»* consistente na afirmación categórica de que *«han cumplido con Galicia.»*, do que desprende como consecuencia política que *«tenemos motivos suficientes para revalidar la mayoría absoluta»*. E aspírase a obter esa maioría absoluta baixo a metáfora dunha “viaxe” a unha idílica “Illa da Estabilidade”.

c) A finalidade do art. 53 da LOREG é reducir os gastos electorais ata o período estrito de campaña electoral, sen que se poida eludir a prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias da formación política ou que a mensaxe que se transmite pola imaxe e a palabra non estea dirixida á captación de votos. O feito de que non se pida expresamente o voto do elector non é motivo para non considerar como propaganda electoral calquera actividade que directa o indirectamente pretenda a captación de sufragios (art. 50.4 de la LOREG). No presente caso,



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

búscase a reacción do potencial electorado a favor do partido anunciante ao vincular os supostos cumprimentos da Xunta de Galicia co Partido Popular, co fin de favorecer electoralmente a este. Polo tanto, esta publicidade levada a cabo antes do inicio legal da campaña electoral, ten unha connotación electoralista.

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

ACORDO

Estimar a denuncia e ordenar a retirada das redes sociais do citado vídeo, sen que se aprecien motivos suficientes para incoar un procedemento sancionador.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 30 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal